

ECONOMÍA. O SECTOR PÚBLICO

ACTIVIDADE 2. OS IMPOSTOS

Obxectivos:

- ◆ Coñecer os distintos tributos recadados en Galicia e a súa clasificación: os impostos estatais, autonómicos e compartidos.
- ◆ Analizar o peso ou importancia de cada tributo na recadación da Comunidade Autónoma galega e do Estado en Galicia.
- ◆ Familiarizarse co concepto de presión fiscal e aprender a calculalo.
- ◆ Comparar a presión fiscal dos distintos países da Unión Europea e o que implican as diferenzas observadas.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas de variación relativas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.

Cuestións a resolver:

- 1) A partir das táboas coa recadación tributaria do Estado en Galicia e cos ingresos tributarios da Comunidade Autónoma galega dispoñibles na páxina web, calcula os seguintes importes para o último ano dispoñible:
 - a. Ingresos por impostos directos cedidos da Comunidade Autónoma galega:
..... (millóns de euros)
 - b. Ingresos por impostos directos do Estado en Galicia:
..... (millóns de euros)
 - c. Ingresos por impostos indirectos cedidos da Comunidade Autónoma galega:
..... (millóns de euros)
 - d. Ingresos por impostos indirectos do Estado en Galicia
..... (millóns de euros)
 - e. Ingresos por tributos propios da Comunidade Autónoma galega
..... (millóns de euros)

- f. Recadación tributaria por impostos directos do Estado en Galicia
 (millóns de euros)
- g. Recadación tributaria por impostos indirectos do Estado en Galicia
 (millóns de euros)
- 2) ¿Que imposto ten máis peso na recadación tributaria do Estado en Galicia? ¿Que porcentaxe supón?
; %
- 3) ¿Que imposto ten máis peso nos ingresos tributarios da Comunidade Autónoma galega? ¿Que porcentaxe supón?
; %
- 4) ¿Poderías calcular canto variou en termos relativos a recadación tributaria do Estado na nosa Comunidade Autónoma no último ano do que se dispón de información respecto ao anterior? %
- 5) A partir das táboas coa recadación tributaria total e co PIB nalgúns países da Unión Europea dispoñibles na páxina web, calcula os seguintes importes para o último ano considerado:
- a. A presión fiscal en España %
- b. A presión fiscal na Zona Euro %
- c. A presión fiscal no país con maior PIB %
- d. A presión fiscal no país con menor PIB %
- 6) ¿Cal dos países para os que se dispón información presenta maior presión fiscal no último ano dispoñible? ¿Cal é o valor desta?
; %
- 7) ¿En cal dos países aumentou máis a presión fiscal nos últimos dez anos en termos absolutos?
- 8) ¿Canto variou en termos relativos a presión fiscal en España nos últimos dez anos?
 %